

Estatística do gasto do turismo que pernoita en establecementos hoteleiros. Setembro 2006

COMUNICADO

Notable aumento do gasto dos viaxeiros que pernoitan en establecementos hoteleiros de Galicia en setembro de 2006 respecto ao mesmo mes do ano anterior

En setembro de 2006 aumenta nun 26,6%, en taxa interanual, o gasto total dos viaxeiros que pernoitan en establecementos hoteleiros de tres e máis estrelas de Galicia.

Segundo datos da “Estatística do gasto do turismo que pernoita en establecementos hoteleiros” correspondentes ao mes de setembro de 2006, o gasto total dos viaxeiros que pernoitan neste tipo de establecementos situouse en 59.257,6 miles de euros, aumentando en termos correntes nun 26,6% respecto ao mesmo mes do ano anterior. Isto débese ao crecemento conxunto rexistrado no gasto diario medio por persoa e no número de pernoitas realizadas. Así, o gasto diario medio por persoa situouse en setembro de 2006 en 142,1 euros, experimentando un crecemento interanual do 22,0%. Ademais, en setembro de 2006 o número de pernoitas realizadas en establecementos hoteleiros de tres e máis estrelas ascendeu a 417.045,0 rexistrando un aumento interanual do 3,7%.

En setembro de 2006, o gasto total dos viaxeiros de establecementos hoteleiros situados nas provincias de A Coruña e Pontevedra foi de 28.450,2 e 24.518,7 miles de euros respectivamente, experimentando un crecemento interanual do 41,8% e 19,1% en cada caso. O gasto total correspondente aos viaxeiros de establecementos hoteleiros de 3 e máis estrelas das provincias de Lugo e Ourense experimentou unha variación, en taxa interanual, do 4,5% e -1,0% respectivamente, acadando o importe de 3.586,2 e 2.702,5 miles de euros.

En función da categoría dos establecementos nos que se aloxan os viaxeiros, en setembro de 2006 o gasto total realizado en establecementos hoteleiros de 3 estrelas ascendeu a 23.310,3 miles de euros, aumentando nun 34,9% en taxa interanual. Na categoría de 4 estrelas rexistrase un aumento interanual do 21,1%, situándose en 30.354,4 miles de euros. O gasto total realizado en establecementos hoteleiros de cinco estrelas aumenta en setembro de 2006 nun 24,9% en taxa interanual acadando o importe de 5592,9 miles de euros.

A taxa de variación do gasto total acumulado no que vai de ano sitúase nun 16,6%.

O crecemento acumulado é do 16,2% en termos da serie corrixida de efecto calendario.

O gasto diario medio dos viaxeiros que pernoitan en establecementos hoteleiros de Galicia de 3 e máis estrelas aumentou en setembro de 2006 nun 22,0% respecto ao mesmo mes do ano anterior.

En setembro de 2006 o gasto diario medio por persoa situouse en 142,1 euros, experimentando un aumento interanual do 22,0%.

A variación rexistrada no gasto diario medio por persoa segundo a provincia na que se sitúan os establecementos hoteleiros obxecto de estudo foi do 25,7% na provincia de A Coruña e do 24,1% na provincia de Pontevedra, acadando un importe de 148,8 euros e 144,4 euros respectivamente. Nas provincias de Lugo e Ourense o gasto diario medio por persoa dos viaxeiros dos establecementos hoteleiros de tres e máis estrelas experimentou unha variación, en taxa interanual, de -1,7% e 5,4% respectivamente, acadando un importe de 105,4 e 122,9 euros en cada caso.

Segundo a categoría dos establecementos nos que pernoitan os viaxeiros, en setembro de 2006 o gasto diario medio por persoa realizado en establecementos hoteleiros de 3 estrelas foi de 121,8 euros, cunha variación interanual do 29,5%. O gasto diario medio por persoa aumentou nun 16,6% nos establecementos hoteleiros de 4 estrelas, situándose en 151,8 euros. Nos establecementos hoteleiros de 5 estrelas aumentou nun 25,1% respecto ao mesmo mes do ano anterior, acadando o importe de 217,7 euros.

No que vai de ano o gasto diario medio por persoa é de 135,7 euros, cunha variación de 5,1%.

Estadística do gasto do turismo que pernoita en establecementos hoteleiros. Setembro 2006. Datos provisionais.

	Dato	% variación sobre igual período ano anterior	
		Do mes	Da media do que vai de ano
Gasto total (miles de euros)	59.257,6	26,6%	16,6%
Gasto diario medio por persoa (euros)	142,1	22,0%	5,1%
Datos corrixidos de efecto calendario			
Gasto total (miles de euros)	59.257,6	26,6%	16,2%

FONTE: IGE. Estadística do gasto do turismo que pernoita en establecementos hoteleiros



Estatística do gasto do turismo que pernoita en establecementos hoteleiros. Setembro 2006. Datos provisionais.

	Dato	% variación sobre igual período ano anterior	
		Do mes	Da media do que vai de ano
Gasto total	59.257,6	26,6%	16,6%
A Coruña	28.450,2	41,8%	25,8%
Lugo	3.586,2	4,5%	21,7%
Ourense	2.702,5	-1,0%	5,3%
Pontevedra	24.518,7	19,1%	8,5%
Gasto diario medio	142,1	22,0%	5,1%
A Coruña	148,8	25,7%	..
Lugo	105,4	-1,7%	..
Ourense	122,9	5,4%	..
Pontevedra	144,4	24,1%	..

FONTE: IGE. Estatística do gasto do turismo que pernoita en establecementos hoteleiros


Estatística do gasto do turismo que pernoita en establecementos hoteleiros. Setembro 2006. Datos provisionais.

	Dato	% variación sobre igual período ano anterior	
		Do mes	Da media do que vai de ano
Gasto total	59.257,6	26,6%	16,6%
3 estrelas	23.310,3	34,9%	19,4%
4 estrelas	30.354,4	21,1%	12,4%
5 estrelas	5.592,9	24,9%	30,2%
Gasto diario medio	142,1	22,0%	5,1%
3 estrelas	121,8	29,5%	..
4 estrelas	151,8	16,6%	..
5 estrelas	217,7	25,1%	..

FONTE: IGE. Estatística do gasto do turismo que pernoita en establecementos hoteleiros



No seguinte gráfico pódese observar a variación interanual do gasto total e do gasto diario medio por persoa dende 1999.



FONTE: IGE. Estadística do gasto do turismo que pernoita en establecementos hoteleiros

Para máis información:

Instituto Galego de Estatística
Complexo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
Teléfono de información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
Fax: 981.54.13.23
Comunicados en : <http://www.ige.eu>